



MEMORIA 2020



Presentación	2
Facendo rede contra a COVID-19	4
Comisión de Reactivación Económica, Social e Cultural do Parlamento de Galicia ...	5
Unidas e unidos para a defensa dos dereitos	6
As persoas primeiro: Eleccións autonómicas 2020.....	7
Loitando contra a pobreza dende o rural	8
Participación como motor de transformación social.....	9
Campañas de comunicación: #Contraporofobia, #MentirasPobreza, #PobrezaGalicia e #RendaMínimaSí.....	11
Campaña X Solidaria 2020. Das X nas prazas ás X nas casas.....	12
Día de erradicación da pobreza. Informe O Estado da Pobreza en Galicia 2020	13
Axenda Social de Galicia 2020	14
Boletín "En Rede Social"	15
Máis rede, incidencia e participación.....	15

PRESENTACIÓN

A **Rede Europea de Loita Contra a Pobreza e a Exclusión Social no Estado Español da Comunidade Autónoma de Galicia** (EAPN Galicia) é unha entidade non lucrativa e de acción social que agrupa a entidades autonómicas do terceiro sector implicadas na loita contra pobreza e a exclusión a través da defensa dos dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión mediante a incidencia política e social.

EAPN Galicia nace en setembro de 2008 como resposta natural á necesidade de crear unha ferramenta de intervención social capaz de elaborar estratexias que incidan nas políticas sociais desenvolvidas en Galicia. Non existía daquela nin existe actualmente, ningunha outra ONG ou plataforma que realice este tipo de actuacións.

Na actualidade, EAPN Galicia, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2009/012813-1 e no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5769, está constituída por 128 ONG de primeiro nivel [a través dos seus 26 socios directos¹](#), todas elas entidades representativas de colectivos vulnerables, que unen en rede os seus esforzos para acadar sinerxías e crear unha plataforma que denuncie as desigualdades sociais, que canalice e dea voz ás demandas do sector para a súa introdución na axenda política.

Accem Galicia | Arela | Asemblea Cooperación pola Paz (ACPP) | Asociación para a Prevención e a Educación Social (A.P.E.S) | Boa Vida Inclusión Activa | Cáritas Lugo | Cáritas Mondoñedo-Ferrol | Cáritas Ourense | Cáritas Tui-Vigo | Centro Desenvolvemento Rural O Viso | Centro Desenvolvemento Rural Portas Abertas | Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) | Down Galicia | Ecos do Sur | Emaús Galicia | FEAFES Galicia | Federación Alzheimer Galicia | Federación Autismo Galicia | Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) | Fundación Amaranta | Fundación Érguete Integración | Fundación Esplai | Fundación Juan Soñador | Fundación Meniños | Fundación Ronsel | Fundación Secretariado Xitano | Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES3) | Médicos do Mundo | Provivienda | Radio ECCA

¹ <http://eapn-galicia.com/entidades-membro/>

EAPN-Galicia forma parte tamén da European Anti Poverty Network (EAPN Europa), Rede no nivel europeo que leva traballando de modo independente dende 1990, e está integrada en EAPN España.

Misión

"EAPN Galicia - Rede Galega Contra a Pobreza é unha organización non lucrativa, que reúne ás Entidades do Terceiro Sector de Acción Social de Galicia implicadas na loita contra a pobreza, a exclusión e a desigualdade social e de xénero. Que traballa polas mesmas causas, dende un enfoque de dereitos pola defensa dos intereses das persoas en situación ou risco de pobreza e da súa participación comunitaria plena, mediante a incidencia política e social propositiva"

EAPN Galicia é a única plataforma existente na comunidade que agrupa a entidades sociais que traballan con practicamente todos aqueles colectivos vulnerables establecidos no Artigo 3.1 da Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia. En ningún caso presta servizos directos a persoas en situación ou risco de pobreza ou exclusión, tampouco ten a posibilidade de presentarse a convocatorias de inclusión social as que xa se presenten as súas entidades membro.

Os obxectivos² e actuacións de EAPN Galicia son aquelas que aseguran a unión de esforzos, a creación de sinerxías e o aumento da eficacia e eficiencia das actuacións das súas entidades membro, en especial: Facilitar os fluxos de información entre as organizacións do terceiro sector e contribuír á formación dos seus diversos axentes.

² <http://eapn-galicia.com/quen-somos/obxetivos/>

FACENDO REDE CONTRA A COVID-19

Debido á situación de pandemia provocada pola Covid-19, desde EAPN Galicia habilitouse un [espazo web](http://eapn-galicia.com/es/coronavirus/)³ como resposta á situación de emerxencia e **coa finalidade de ofrecer información actualizada** tanto a entidades sociais coma á cidadanía en xeral. Coa entrada en




vigor do Real Decreto que declara o **estado de alarma**, e o seu conseguinte confinamento, puxéronse en marcha diversas accións. Entre elas está a realización de entrevistas coas entidades membro que axudasen a identificar as necesidades das persoas en pobreza e exclusión social e das propias entidades sociais.

Elaborouse un informe de demandas que serviron de base para o diálogo propositivo coa Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social. Froito deste xurdiu a convocatoria, impulsada pola Dirección Xeral de Inclusión Social, de cobertura de gastos extraordinarios nos centros e programas de inclusión social, ocasionados pola crise sanitaria do Covid-19.

Como parte das accións extraordinarias levadas a cabo por mor do confinamento, desde EAPN Galicia elaboráronse varias infografías colaborativas coas entidades membro da rede, desde unha filosofía de accións que puideran axudar á poboación no contexto de crise.

Toda esta situación acusou unha das realidades das persoas en pobreza e/ou




exclusión social no seu acceso a dereitos: a **fenda dixital**. Perante esta situación, o 26 de xuño EAPN Galicia organizou unha xornada técnica online. En base a unha consulta previa dirixida á

cidadanía, en xeral e persoal técnico de entidades sociais, elaborouse o informe

³ <http://eapn-galicia.com/es/coronavirus/>

'Fenda Dixital: o exercicio dos nosos dereitos en tempos de confinamento'⁴. Un documento que reflicte os problemas detectados e demandas para erradicar a fenda dixital.

Tamén dentro do contexto da pandemia, a Dirección Xeral de Inclusión Social puxo en marcha a **Tarxeta Básica**⁵, prestación económica para persoas e familias e situación de vulnerabilidade social articulada a través dunha tarxeta moedeiro e de xeito non estigmatizador. Co obxectivo de axilizar a súa posta en marcha, desde EAPN Galicia, en colaboración coa Dirección Xeral de Inclusión Social, levouse a cabo una xornada informativa para profesionais do eido social. Asemade, elaborouse un documento de preguntas e respostas frecuentes, e que está en constante actualización.



COMISIÓN DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E CULTURAL DO PARLAMENTO DE GALICIA



Neste 2020, tamén con motivo da pandemia, creouse a **Comisión de Reactivación Económica, Social e Cultural do Parlamento de Galicia**. O seu obxectivo é o de estudar, analizar e realizar propostas de actuación política con base na experiencia da xestión para a reactivación, coa finalidade de protexer á cidadanía fronte á crise e promover o progreso da comunidade. O 18 de novembro **EAPN Galicia participou nesta Comisión**⁶ a petición de tódolos grupos parlamentarios. A presidenta, Eloíña

⁴ <http://eapn-galicia.com/a-fenda-dixital-afondase-o-confinamento-supuxo-un-aumento-drastico-das-dificultades-de-acceso-a-dereitos-e-servizos-publicos/>

⁵ <http://eapn-galicia.com/tarxeta-basica-un-primeiro-paso-para-asegurar-as-necesidades-basicas-de-toda-a-poboacion-galega-superar-o-asistencialismo-e-respectar-a-dignidade-das-persoas/>

⁶ <http://eapn-galicia.com/e-imposible-unha-reactivacion-economica-e-social-se-non-se-multiplica-o-investimento-en-vivenda-digna-e-accesible/>

Ingerto, trasladou a situación actual de pobreza e exclusión social en Galicia, incidindo naqueles eidos que precisarían de maior atención de cara á reactivación, en especial o acceso á vivenda o emprego ou unha renda mínima dignas.

UNIDAS E UNIDOS PARA A DEFENSA DOS DEREITOS

No 2020 o **Grupo de Inclusión** de EAPN Galicia, comezou o ano co seguimento da posta en marcha do Decreto da Lei de Inclusión. Por mor da pandemia, este traballo tívose que actualizar rapidamente pero sobre todo pola aprobación e posta en marcha do **Ingreso Mínimo Vital**⁷. Deste xeito, EAPN Galicia continuou traballando coa EAPN España para trasladar os problemas detectados de cara a una incidencia política a nivel ministerial. Co avance da implementación do Ingreso Mínimo Vital,

convocouse novamente o grupo para a elaboración de propostas de cara á modificación da Lei de Inclusión Social. Froito desta xuntanza, elaborouse un **documento de demandas que foi presentado ante a Consellería de Política Social**.



No eido do **Emprego**, tras un proceso de incidencia política, o 24 de xaneiro saía publicada a convocatoria '**Posta a punto para o emprego**' da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Esta convocatoria bianual está dirixida a organizacións sen ánimo de lucro cuxa finalidade recolla a inserción ou inclusión sociolaboral de colectivos en situación ou risco de exclusión social, con experiencia mínima de tres anos en programas desta índole. Tentouse flexibilizar os requisitos da convocatoria para adaptarse ás características de vulnerabilidade das persoas que se traballa e as dificultades de inserción sociolaboral, agravadas durante e tras a pandemia.

Finalmente, EAPN Galicia reuniuse coa nova Consellería de Emprego e Igualdade para a presentación das demandas en materia de emprego e igualdade perante a nova lexislatura.

⁷ <http://eapn-galicia.com/eapn-celebra-a-aprobacion-do-ingreso-minimo-vital/>



Por outra banda o **Grupo de Comunicación** de EAPN Galicia impulsou unha [Xornada centrada na comunicación de causas nun contexto de crise social e económica](#)⁸. Esta celebrouse en tres sesións e dirixiuse a persoal de entidades sociais. O curso ofertou formación ás persoas

participantes e o deseño dunha acción de comunicación concreta adaptada ás necesidades da súa organización.

AS PERSOAS PRIMEIRO: ELECCIÓNS AUTONÓMICAS 2020

O 12 de xullo tiveron lugar as **eleccións ao Parlamento de Galicia**, logo do seu aprazamento por mor do confinamento. Desde EAPN Galicia, xunto as súas entidades membro, elaborouse un [documento de demandas](#)⁹ para a nova **lexislatura**, que incluíse aquelas medidas xurdidas nos diferentes Encontros Galegos de Participación e Cidadanía Inclusiva.



As demandas déronse a coñecer nunha campaña en redes sociais, na que participaron as entidades membro de EAPN Galicia, onde tamén se fomentou a importancia de ter en conta as medidas sociais previstas nos programas electorais á hora de decidir o voto.


⁸ <http://eapn-galicia.com/seminario-comunicar-causas-nun-contexto-de-crise-social-e-economica/>

⁹ <http://eapn-galicia.com/as-persoas-primeiro-demandas-contra-a-pobreza-e-a-exclusion-nas-elecciones-ao-parlamento-de-galicia-pobrezagalicia/>

Finalmente, levouse a cabo unha **análise dos compromisos adquiridos**¹⁰ nos programas electorais dos grupos políticos que finalmente acadaron representación parlamentaria, identificando aquelas propostas das que tiñan un consenso. En consecuencia, a EAPN Galicia reuniuse cas forzas parlamentarias para dialogar e reforzar os compromisos sociais para implementarse na nova lexislatura, sobre todo aqueles cun alto grao de consenso entre partidos.

LOITANDO CONTRA A POBREZA DENDE O RURAL

O 4 de decembro celebrouse unha **Xornada online sobre medidas para frear a exclusión e o abandono do medio rural**¹¹ e presentáronse os resultados da consulta previa sobre prioridades de actuacións e boas experiencias. O evento acolleu a unhas 70 persoas que traballaron en grupos arredor das temáticas de pobreza e exclusión, vivenda accesible e emprego inclusivo. Asemade, contouse cun diálogo sobre loita contra a pobreza no rural en Galicia e España e un panel de aprendizaxes e propostas dende as boas prácticas.



¹⁰ <http://eapn-galicia.com/estes-son-os-compromisos-politicos-que-marcaran-a-lexislatura-da-reconstrucion-social-en-galicia/>

¹¹ <http://eapn-galicia.com/es/ap%C3%BAntate-para-luchar-contr-la-pobreza-y-la-exclusi%C3%B3n-del-medio-rural/>

PARTICIPACIÓN COMO MOTOR DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL

O 1 de outubro de 2020 celebrouse o Encontro Galego de Participación para o Desenvolvemento de Propostas de Cambio Social¹², organizado polo grupo de participación de EAPN Galicia, evento do ano que da sentido á actividade de EAPN Galicia. Once grupos de traballo situados en diferentes entidades membro de EAPN Galicia estiveron a traballar no deseño de medidas a implementar na nova lexislatura nos eidos de rendas mínimas, vivenda e emprego. Tras priorizar tres medidas chave en cada área temática, os grupos compartiron de xeito online as propostas, que foron retransmitidas en directo¹³ no Facebook de EAPN Galicia. Posteriormente, fíxose entrega das mesmas ao Presidente do Parlamento e aos tres grupos parlamentarios.



O 28 e 29 de outubro tivo lugar o **XVI Encontro Estatal de Participación 'Dereitos, Gobernanza e Participación Cidadá'**. O evento, que adoita xuntar nunha cidade a persoas participantes de tódalas redes españolas, tamén tivo que trasladarse a un formato semipresencial no cal tamén participou activamente o grupo de participación. Así, cada rede traballou na súa comunidade autónoma pero conectada simultaneamente e de xeito online co resto de redes.

¹² <http://eapn-galicia.com/como-queremos-que-sexa-galicia-en-catro-anos-as-persoas-en-pobreza-proponen-medidas-para-o-cambio-social/>

¹³ https://www.facebook.com/plugins/video.php?height=314&href=https%3A%2F%2Fwww.facebook.com%2F131562003620209%2Fvideos%2F3425252767513578%2F&show_text=true&width=560



O 27 de novembro celebrouse o **II Encontro Galego de Participación Xuvenil** ¹⁴. O evento online, organizado en colaboración coa **Escola Universitaria de Traballo Social (EUTS)** de Santiago de Compostela, estivo dirixido a

futuras profesionais do eido social (Traballo Social, Educación Social, Integración Social, etc). O seu obxectivo foi a formulación de **propostas de cambio social nos eidos de vivenda, emprego, cultura e ocio e educación e a dotación de ferramentas para a incidencia política**. E especificamente en medidas sobre pobreza no rural, senfogarismo, violencia machista extrema por prostitución ou comunidade xitana.



O Grupo de Participación Xuvenil de EAPN Galicia crease no 2019, resultado da xornada 'A mocidade como motor de transformación social' e está integrado por voluntarias da rede, estudantes e traballadoras mozas. A súa labor durante o 2020 foi principalmente

darlle continuidade ao proxecto de diálogo estruturado (Erasmus+).

Fixéronse avances no proxecto JovEU coa difusión da **consulta online 'Mocidade, participación e cambio social'** ¹⁵, lanzada a nivel Estatal para coñecer as inquedanzas e propostas de mozos e mozas entre 16 e 29 anos. Dun total de 266 enquisas cubertas a nivel nacional, o grupo galego conseguiu a participación de 78. Continuando coas accións do proxecto, o grupo participou no II Encontro Nacional de Xuventude. Desde Galicia leváronse aquelas inquedanzas da mocidade, especialmente en pornografía e ludopatía, logrando un consenso entre as persoas participantes da propia xornada.

¹⁴ <http://eapn-galicia.com/es/estudas-unha-profesion-do-social-e-quieres-cambiar-as-politicas-publicas-que-che-afectan/>

¹⁵ <http://eapn-galicia.com/que-vos-preocupa-a-mocidade-que-propostas-politicas-tesdes-para-combatir-a-pobreza/>

CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN: #CONTRAPOROFobia, #MENTIRASPOBREZA, #POBREZAGALICIA E #RENDAMÍNIMASÍ.

Co obxectivo de chegar á poboación en xeral **Grupo de Comunicación** de EAPN Galicia estivo a traballar en **campañas de sensibilización** que deran visibilidade ás causas da pobreza e da exclusión social. Durante este 2020, por mor da pandemia, as actividades do grupo estiveron enfocadas nas redes sociais. Desde o discurso común de tódalas entidades do Terceiro Sector, realizáronse accións nas campañas 'X Solidaria', #ContrAporofobia, #RendaMínimaSí¹² e #PobrezaGalicia.

A través da campaña **#ContraAporofobia** preténdese rachar con prexuízos e estereotipos asociados á pobreza e a exclusión social a través dos hashtags **#MentirasPobreza**. O grupo



tamén organizou unha xornada formativa dirixida a profesionais e voluntarias das entidades membro da rede sobre innovación narrativa e colaborou activamente na xornada de loita contra a aporofobia, o odio e a desinformación desde as Administracións Públicas e ONG.

De xeito máis continuado **ao longo do ano, utilizouse o hashtag #PobrezaGalicia** co obxectivo de visibilizar a loita contra a pobreza e a exclusión social no marco de accións concretas en días e actos de interese para rede.



Por outra banda, dende **EAPN Galicia coordinouse** en toda España a campaña de sensibilización '**Renda Mínima Sí, pon os teus prexuízos en corentena**'¹⁶. Desde un enfoque de discurso alternativo, lanzáronse mensaxes co hashtag #RentaMinimaSí argumentando a necesidade dunha renda mínima para persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social e de como esta contribúe á mellora do benestar de toda a sociedade. **400 organizacións de toda España, 54 galegas**¹⁷, apoian unha renda mínima contra a pobreza.

CAMPAÑA X SOLIDARIA 2020. DAS X NAS PRAZAS ÁS X NAS CASAS.

O 1 de Abril as redes das organizacións de acción social galegas visibilizaron a importancia de marcar a **casiña de Fins Sociais** na Declaración da Renda coa **Campaña X Solidaria 2020** ¹⁸, Co confinamento pola Covid-19, as accións trasladáronse ao plano virtual, animando a tódalas persoas a encher os seus balcóns e xanelas con debuxos e imaxes e a compartilos nas redes sociais coas etiquetas **#1MillónDeRazones** e **#XSolidaria**.



En paralelo á campaña, creouse un **grupo ad hoc** para identificar melloras das convocatorias de subvencións para a realización de programas con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF. Elaborouse un **documento que foi presentado á Consellería de Política Social, Secretaría Xeral de Igualdade e Consellería de Sanidade** cunha demanda prioritaria da necesidade de unificar nunha única convocatoria de subvencións o reparto de estes fondos.

¹⁶ <http://eapn-galicia.com/as-organizacions-de-loita-contra-a-pobreza-reclaman-renda-minima-si-pon-os-teus-prexuihos-en-corentena/>

¹⁷ <http://eapn-galicia.com/mais-de-400-organizacions-de-toda-espana-51-galegas-apoian-unha-renda-minima-contra-a-pobreza/>

¹⁸ <http://eapn-galicia.com/a-importancia-de-marcar-a-x-solidaria-na-declaracion-do-irpf-chega-as-xanelas-de-toda-galicia/>

DÍA DE ERRADICACIÓN DA POBREZA. INFORME O ESTADO DA POBREZA EN GALICIA 2020

O 17 de outubro, **Día Internacional de Erradicación da Pobreza**, é unha das datas chave no calendario de actividades de EAPN Galicia. Logo da presentación do informe estatal "O Estado da pobreza en España 2020 X Informe anual sobre el riesgo de pobreza y exclusión" EAPN-Galicia presentou o informe ["O estado da pobreza en Galicia 2020"](#)¹⁹.



O 20 de outubro de 2020, o Parlamento de Galicia aprobou unha [Declaración Institucional Parlamento de Galicia contra a Pobreza e Aporofobia](#) promovida desde EAPN Galicia. Trátase do único texto aprobado en todo o Estado no contexto de pandemia, onde os grupos políticos fan unha aposta clara contra a pobreza, o odio e a desinformación.²⁰

Loita contra a aporofobia e apoio ás Oficinas de Atención ás Vítimas

O traballo desde EAPN Galicia a prol da loita contra a aporofobia e de apoio as Oficinas de Atención as vítimas do discurso do odio fíxose efectivo a partires da organización conxunta coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) do [Seminario 'Como loitar contra a aporofobia, o odio e a desinformación dende a Administración Pública'](#)²¹. Neste evento, que contou con preto de 200 persoas inscritas, habilitouse un espazo onde profesionais dos equipos das sete oficinas

¹⁹ <http://eapn-galicia.com/o-escaso-acceso-a-vivenda-e-ao-emprego-agrava-a-pobreza-e-exclusion-social-en-galicia-antes-da-pandemia/>

²⁰ <http://eapn-galicia.com/o-parlamento-de-galicia-comprometese-na-loita-contra-a-pobreza-o-discurso-do-odio-e-a-aporofobia/>

²¹ <http://eapn-galicia.com/como-loitar-contra-a-aporofobia-o-odio-e-a-desinformacion-dende-administraciones-publicas-e-ong/>



galegas puideron darse a coñecer e establecer vínculos entre profesionais e entidades do sector.

Como complemento desta xornada, e aproveitando que entre as poñentes estaba Sara Mesa, fíxose un acto de presentación do seu ensaio 'Silencio

Administrativo: así desespera a burocracia ás persoas en pobreza'.²²

AXENDA SOCIAL DE GALICIA 2020

Xunto coa Xunta de Galicia e a FEGAMP, EAPN Galicia estivo a impulsar a renovación da Axenda Social Única de Galicia, da que foi promotora no 2016,. Concretamente, participou na sesión constitutiva da Axenda Social de Galicia²³ xunto coa Consellería de Política Social, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e representantes de diversas entidades sociais.

Xunto ás nosas entidades membro, dende EAPN Galicia elaborouse un completo documento demandas. A presentación do mesmo tivo que ser aprazada por mor da pandemia. Aínda así algunha das medidas propostas se puxeron xa en marcha. E o caso da **Tarxeta Básica** ou mesmo a reactivación da convocatoria de subvencións para a renovación de electrodomésticos en familias vulnerables.

²² <http://eapn-galicia.com/presentacion-do-libro-silencio-administrativo-asi-desespera-a-burocracia-as-persoas-en-pobreza/>

²³ <http://eapn-galicia.com/ambicion-compromisos-medibles-e-coordinacion-entre-xunta-concellos-e-deputacions-e-as-organizacions-de-accion-social-na-nova-axenda-social/>

BOLETÍN "EN REDE SOCIAL"

O boletín informativo quincenal "[En Rede Social](#)", editado dende o 2018 chegou no 2020 a 820 persoas, conseguindo así ser un espazo de información para toda persoa ou entidade interesada en coñecer as últimas novas das organizacións do Terceiro Sector de Acción Social galego implicadas na loita contra a pobreza, a exclusión e a desigualdade social e de xénero.

No 2020 editáronse 25 números. De xeito extraordinario, por mor da situación da



pandemia, o boletín adaptou o seus contidos

entre os meses de marzo e xuño para ofrecer información e recursos fronte á situación de confinamento e de crise social e sanitaria.

A subscripción pode realizarse de xeito sinxelo en: [Subscripción Boletín EnRedeSocial](#).

MÁIS REDE, INCIDENCIA E PARTICIPACIÓN

Grupo de Traballo Fondos Estruturais (FFEE). O traballo deste grupo continuou no 2020 a súa liña de realizar un seguimento e analizar a documentación e compromisos dos Comités de Seguimento nos que EAPN está presente: o Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020 e do FEADER Plan de Desenvolvemento Rural 2014- 2020. Deste xeito, participouse nas reunións de seguimento.

Grupo de Traballo Xénero. Seguimento do documento 'Principios perspectiva de xénero EAPN Galicia. Creouse co obxecto de facer pedagogía sobre o que implica a perspectiva de xénero e o feminismo, así como mellorar o que está a ocorrer nas organizacións do Terceiro Sector de Acción Social respecto á igualdade entre mulleres e homes. Neste 2020 levouse a cabo unha labor de seguimento do documento que recolle 11 principios de acción a nivel externo e interno a aplicar tanto en EAPN Galicia como nas súas entidades membro.

Asesoría xurídica EAPN Galicia. Neste 2020, EAPN Galicia impulsou a relación estable cun servizo de asesoría xurídica. Recibiuse apoio no traballo realizado para o novo decreto de concerto social e Lei do Terceiro Sector de Galicia. Por outra banda, EAPN Galicia fixo uso deste servizo de xeito máis intenso durante o período de

confinamento para a elaboración de demandas xurdidas a raíz da crise sanitaria, social e económica.

Actualización proposta Plan de Choque contra a Pobreza en Familias Monoparentais. Froito do traballo realizado do 2019 no grupo de traballo interno e nun seminario específico elaborouse un primeiro borrador do Plan. Durante o 2020 algunha das medidas propostas foron prantexadas tanto nas eleccións autonómicas como en distintas entrevistas con vistas ao seu pleno desenvolvemento coa aprobación da Lei de impulso demográfico prevista no 2021 e donde, a proposta de EAPN se establece a obrigatoriedade de elaborar este Plan.

Participouse nunha mesa redonda para trasladar o traballo realizado en EAPN Galicia no 'Seminario de Familias Monoparentais e loita contra a Pobreza e Exclusión social en España'²⁴ organizado por EAPN Euskadi.

Informe de emendas ao Decreto Concerto Social en Lei de Servizo Sociais. Ao longo deste ano, continuouse o proceso de tramitación do "Proxecto de decreto polo que se desenvolve o réxime de concerto para a prestación de servizos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia". Concretamente, a EAPN Galicia elaborou un informe de emendas ao proxecto de decreto coa filosofía de garantir a calidade e a defensa dos intereses.

Informe Vivenda en Galicia 2020. A EAPN Galicia ven de elaborar un informe que recoller información estatística de interese sobre o acceso á vivenda e Galicia, así como a normativa e recursos sociais existentes neste ámbito. Este documento serviu de base para as demandas realizadas desde a rede na loita contra a exclusión residencial, concretamente para a Axenda Social, o Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030 e perante as pasadas eleccións autonómicas.

Ficha comunicación inclusiva e discursos alternativo contra o odio. Unha das actividades realizadas neste 2020 por EAPN Galicia foi a de elaborar unha ficha para profesionais dos medios de comunicación. O obxectivo da súa creación é o de

²⁴ <https://www.eapn.es/noticias/1120/bilbao-acoge-el-proximo-seminario-familias-monoparentales-y-lucha-contra-la-pobreza-y-la-exclusion-social>

recoller de xeito esquemático e nun so documento, aqueles termos e formas máis axeitadas para comunicar feitos relacionados coa pobreza e a exclusión social.

Plan Estratéxico de Galicia 2021- 2030. Mesas de inclusión social, igualdade, familia e benestar. Este Plan, liderado pola Consellería de Facenda, pretende ser unha folla de ruta do Goberno galego deseñada en colaboración con colectivos sociais, sectoriais, empresariais e da administración pública. EAPN Galicia participou nas Mesas de Inclusión Social e Igualdade e Familia e Benestar.

Fomento voluntariado e Aprendizaxe Servizo. Participouse xunto a Farmamundi e o SEPIU (Universidade de Santiago de Compostela) no **Workshop 'Aprendizaxe servizo como boa práctica na xestión das entidades sociais'**, celebrado o 11 de novembro. Concretamente, se estivo a apoiar na difusión do evento entre as entidades membro de EAPN Galicia, pero tamén ás posibles entidades e persoas interesadas.

Asemade, a Rede formou parte do **xurado nos Premios de Acción Voluntaria** da Xunta de Galicia.

Xornada Online: 'E se lle contratamos os servizos da nosa entidade á economía social?'²⁵ organizada xunto a REAS Galicia. Tivo como obxectivo dar a coñecer a labor de algunhas entidades de economía solidaria galegas e establecer posibles vínculos de conexión con entidades de acción social.

Fomento traballo en rede no local. Este 2020, motivado pola situación de pandemia e o consecuente aumento de demandas por parte de entidades sociais, EAPN Galicia estivo a fomentar o traballo en rede local. Concretamente, motivou o contacto entre entidades sociais membro da rede nas cidades de Vigo e Ourense. De xeito máis profundo, entre as entidades membro da Rede en Ourense, levouse a cabo unha consulta que facilitase o coñecemento de necesidades e demandas. Como resultado da mesma, elaborouse un informe que serviu de base para o traballo posterior e autónomo do grupo.

²⁵ <http://eapn-galicia.com/e-se-lle-contratamos-os-servizos-da-nosa-entidade-a-economia-social/>

Organización visita Relator ONU pobreza extrema e dereitos humanos. O Relator Especial das Nacións Unidas sobre a Extrema Pobreza, Philip Alston, visitou en xaneiro España para elaborar un informe sobre o estado dos dereitos humanos no país. Con esta fin, visitou varias comunidades autónomas, entre elas Galicia. Desde EAPN Galicia levouse a cabo a organización da [visita a Santiago de Compostela](#), xunto á Valedora do Pobo, e que contou con participantes de entidades membro da rede que representaran a diversidade de factores que acompañan as situacións de pobreza e/ou exclusión social.

Novo local de EAPN Galicia. Nun 2020 cheo de cambios e de adaptación a novas circunstancias, EAPN Galicia muda de local mellorando as condicións de habitabilidade e accesibilidade con respecto ao anterior. Dende setembro a nosa sede atópase na seguinte dirección: [Praza Camilo Díaz Baliño 17 15704 Santiago](#)

